



A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa convoca a MISIÓN
COMERCIAL A INDONESIA, FILIPINAS E TAILANDIA 2025

MISIÓN COMERCIAL A INDONESIA, FILIPINAS E TAILANDIA 2025
15 – 28 XUÑO 2025

- ❑ **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE e ICEX
- ❑ **SECTOR:** Multisectorial
- ❑ **DATAS:** 15 – 28 XUÑO 2025
- ❑ **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN:** 25/04/2025
- ❑ **DIRIGIDO A:** PYMES concetro de traballo en Galicia, con interese exportador.

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

CUSTO

O custo total estimado por empresa é o seguinte:

Opción 1A- Indonesia-Tailandia-Filipinas, con axendas de traballo en los 3 países: 6.000 € + IVE = 7.260 €

Opción 1B- Indonesia-Tailandia-Filipinas, sen axendas de traballo: 3.800 € + IVE = 4.598 €

Opción 2A- Indonesia-Tailandia, con axenda de trabalo nos 2 países: 4.500 € + IVE = 5.445 €

Opción 2B- Indonesia-Tailandia, sen axencia de traballo: 3.100 € + IVE = 3.751 €

O custo previsto inclúe: billetes de avión, aloxamento e almorzo, seguro de viaxe, organización de axendas e gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme.

Non inclúe o envío de mostras, pero será un gasto incluído na acción

Unha vez finalizada a acción, regularizaranse contas coas empresas participantes.

CONTÍA DA AXUDA

Esta acción **e susceptible de incluírse no plan FOEXGA 2025**, cunha axuda do 70% dos custos directos subvencionables máis o 7 % de custos indirectos, pero polo momento non se publicou a orden de axudas de este programa, que terá vixencia dende o 1 de Xaneiro de 2025.

Cando se publiquen as axudas para o plan FOEXGA, as empresas pre inscritas deberán formalizar a súa inscrición a través da oficina virtual do IGAPE, para ter dereito á axuda.

PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto é o seguinte:

Ida a Yakarta: 15/06/2025

Traballo en Indonesia: 16 a 18 de Xuño

Trabalo en Tailandia: 19 e 20 de Xuño



Traballo en Filipinas: 23 e 24 de Xuño
Regreso: 25/06/2025

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe. Consultar á Cámara. Por exemplo, solicitar axenda nun só país, viaxar a Indonesia e Filipinas, etc.

MOI IMPORTANTE: *Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou que forme parte do consello de administración da mesma.*

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

Data límite de inscrición: **25/04/2025**

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa a seguinte documentación:

- Ficha de solicitude axunta, cuberta e firmada
- Xustificante de pago por importe de **3.100 € + IVE = 3.751 €**. O resto do importe ata completar a cuota prevista, solicitarase máis adiante.

DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO

Banco Sabadell: ES39 0081 0388 0700 0351 4860
(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía)

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
C/ República Argentina 18A – 36201 Vigo
Tfno. 986 446295 / e-mail: comex@camarapvv.com